

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 23 DE ABRIL DE 2021**

Ás 10:05 horas do día 23 de abril de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 20 de abril, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D<sup>a</sup>. Ruth María Gallego Santos, vogal suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 5a a 5e, 6a a 6e, 8b, 9c, 10b e 11b)  
D. Gilberto Moldes Crespo, xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns (asiste aos puntos 5f e 6f)  
D<sup>a</sup>. Pilar Carneiro Miniño, xefa do Servizo de Xuventude, asiste ao punto 9b)  
D<sup>a</sup>. Aránzazu González Soengas, técnica de Prevención de Riscos Laborais (asiste aos puntos 8a, 9a e 10a)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na estrada José Rivas" (653-441)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos – FEDER Vigo Vertical o 16 de abril de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.





Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:03	Páxina 2 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4H-CFD131-44348C-L8YWNF-QLWX8F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na subida a Relfas – Sárdoma" (654-441)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos – FEDER Vigo Vertical o 16 de abril de 2021 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Instalación dun ascensor entre a praza da Estación e a rúa Urzaiz" (774-441)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa de Electromecánicos e Aforro Enerxético, o técnico medio en Topografía e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 15 de abril de 2021 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**d) Procedemento aberto mixto, de servizos e obra, para a contratación do mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias no Concello de Vigo (641-441)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica media de Obras Públicas, a enxeñeira industrial, o técnico medio en Topografía, o xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 16 de abril de 2021 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**e) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación integral do céspede de herba natural e da instalación do alumado do terreo de xogo do campo municipal de fútbol do Vao-Coruxo" (698-441)**

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial, o técnico medio en Topografía e o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 15 e 16 de abril de 2021 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**f) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de limpeza e desinfección das áreas e elementos dos parques infantís, áreas biosaudables, pistas deportivas e instalacións de uso público ao aire libre no Concello de Vigo para o cumprimento do protocolo COVID-19 (48.804-446)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola adxunta e o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 20 de abril de 2021 de valoración do sobre A "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**6.- Apertura económica**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na estrada José Rivas" (653-441)**

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "*Proposición avaliable mediante fórmula*" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	136.640,52 €
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	149.866,26 €
3	DESMACO, S.L.U.	156.369,09 €
4	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	150.645,00 €
5	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	150.561,66 €
6	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	139.713,86 €
7	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	139.134,75 €

Asiste á sesión Dª. Paula Souto García, con DNI \*\*.04.04\*, en representación de PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na subida a Relfas – Sárdoma" (654-441)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:03	Páxina 3 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4H-CFD131-44348C-L8YWNF-QLWX8F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	66.506,45 €
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	72.567,98 €
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	75.609,37 €
4	DESMACO, S.L.U.	78.022,13 €
5	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	75.988,00 €
6	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	77.929,70 €
7	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	67.150,97 €

Asiste á sesión D<sup>a</sup>. Paula Souto García, con DNI \*\*.04.04\*, en representación de PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Instalación dun ascensor entre a praza da Estación e a rúa Urzaiz" (774-441)**

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	ORECO, S.A.U.	416.272,65 €
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	386.914,65 €

Asiste á sesión D<sup>a</sup>. Paula Souto García, con DNI \*\*.04.04\*, en representación de PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**d) Procedemento aberto mixto, de servizos e obra, para a contratación do mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias no Concello de Vigo (641-441)**

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:03	Páxina 4 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4H-CFD131-44348C-L8YWNF-QLWX8F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



	Licitador	% desconto a aplicar aos prezos unitarios	Nº Km. de viais percorridos con fotografado de imaxes 360º escaneado 3D	Nº Km. carril percorrido e xeración de mapa de estado dos viaisen tempo real con intelixencia artificial
1	UTE ACCIONA e OBRAS, PAVIMENTOS, E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.	24,36%	700Km.	600km.
2	API MOVILIDAD, S.A.	14,38%	700Km.	600km.
3	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	24,52%	700Km.	600km.
4	UTE CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) ORECO, S.A.U.	25,60%	700Km.	600km.
5	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	26,70%	700Km.	600km.
6	UTE MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A. e CONSTRUCCIONES FECHI	15,13%	700Km.	600km.
7	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	22,60%	700Km.	600km.
8	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.- XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.- VÁZQUEZ Y REINO, S.L.	14,29%	700Km.	600km.
9	S.A. DE GESTION DE SERVICIOS Y CONSERVACION (GESECO)	20,61%	700Km.	600km.
10	UTE MANTEN, S.L.- ACEINSA MOVILIDAD, S.A.	17,71%	700Km.	600km.

Asisten á sesión D<sup>a</sup>. Paula Souto García, con DNI \*\*.04.04\*, en representación de PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.; D. Felipe Carrascosa Hernández con DNI \*\*.09.54\* en representación de CIVIS GLOBAL S.L.U.; D. César López Salgado con DNI \*\*.88.02\* en representación de GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACIÓN S.A. -GESECO-; D. José Antonio García Vázquez con DNI \*\*.79.61\* e D. Carlos Alberto Calle Cordón con DNI 51.397.573-W, en representación de MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**e) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación integral do céspede de herba natural e da instalación do alumado do terreo de xogo do campo municipal de fútbol do Vao-Coruxo" (698-441)**

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:03	Páxina 5 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4H-CFD131-44348C-L8YWNF-QLWX8F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

	Licitador	Redución do prezo
1	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	561.833,25 €
2	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	584.872,32 €
3	JARDINERÍA ARCE, S.L.	581.403,19 €
4	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS	600.419,24 €

Asiste á sesión D<sup>a</sup>. Paula Souto García, con DNI **\*\*.\*04.04\***, en representación de PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**f) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de limpeza e desinfección das áreas e elementos dos parques infantís, áreas biosaudables, pistas deportivas e instalacións de uso público ao aire libre no Concello de Vigo para o cumprimento do protocolo COVID-19 (48.804-446)**

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliable mediante fórmula*" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Menor prezo ofertado
1	AGRONERGA, S.L.	8,340%
2	OFICINA DE TRATAMIENTO DE PLAGAS S.L. (OTRAPLASA S.L.)	10,157%
3	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	12,088%

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten á sesión D. Alberto Rilo Martínez con DNI **\*\*.\*14.63\*** e D<sup>a</sup>. Nuria Villar Moreno con DNI **\*\*.\*13.97\*** en representación de AGRONERGA, S.L; e D. Miguel Ángel Lorenzo Alonso con DNI **\*\*.\*03.04\***, en representación de OFICINA DE TRATAMIENTO DE PLAGAS, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados**

**a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo (6.527-241) (lotes 1 e 2)**

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 13 de abril de 2021, en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:03	Páxina 6 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4H-CFD131-44348C-L8YWNF-QLWX8F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



cumprimento do acordado na sesión do 8 de abril, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

Lote 1:

1. MAPE ASESORES, S.A.

Lote 2:

1. CELTA INGENIEROS S.L.
2. GAMMA SOLUTIONS HEALTH, S.L.
3. IRAGO, S.A.

Durante o prazo concedido, todos os licitadores presentaron documentación, da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 20 de abril de 2021 a técnica de Administración xeral, a xefa do Servizo de Contratación e as técnicas de Prevención de Riscos Laborais emitiron informe sobre as xustificacións presentadas no que conclúen "que todas as xustificacións presentadas poden garantir a viabilidade dos subministros obxecto deste contrato".

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe.

### b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reparación de danos na estrutura, adaptación contraincendios e accesibilidade no edificio do Parque Central – Lavadores" (639-441)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 25 de marzo de 2021, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 20 de abril de 2021 o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúe que "non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato".

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento de ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. por entender que as súas ofertas non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais.

## 9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios



## avaliáveis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

### a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo (6.527-241) (lotes 1 e 2)

Entrégase o informe asinado pola técnica de Administración xeral, a xefa do Servizo de Contratación e as técnicas de Prevención de Riscos Laborais o 20 de abril de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliábel mediante fórmula" dos lotes 1 e 2 deste procedemento coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

### b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de organización, xestión e execución do programa de dinamización infantil (9.171-336)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Xuventude o 16 de abril de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliábel mediante fórmula" coa proposta de clasificación, así como o informe corrixido de data 22 de abril. A Mesa acepta, por unanimidade o informe do 22 de abril.

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación de data 8 de abril de 2021 de non admisión neste procedemento de MAREXADA, DEPORTE, LECER E CULTURA, S.L. por ter presentado a súa proposición unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas (cláusula 15.1 do PCAP "A documentación presentárase dentro do prazo fixado no anuncio da licitación" e artigo 136 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de organización, xestión e execución do programa de dinamización infantil (9.171-336) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	SERVIPLUSTOTAL, S.L.	83,50 puntos
2	CLECE, S.A.	82,57 puntos
3	A BILLARDA, S.L.	82,45 puntos

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVIPLUSTOTAL, S.L. (B-70.019.294), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:03	Páxina 8 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4H-CFD131-44348C-L8YWNF-QLWX8F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Reparación de danos na estrutura, adaptación contraincendios e accesibilidade no edificio do Parque Central – Lavadores” (639-441)**

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 20 de abril de 2021 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

**10.- Propostas de clasificación**

**a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo (6.527-241) (lotes 1 e 2)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 2 deste procedemento aberto para a contratación da subministración de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo (6.527-241) na seguinte orde descendente:

Lote 1

	Licitador	Puntuación total
1	MAPE ASESORES, S.A.	100,00 puntos
2	PAZ DISMAC, S.L.	70,97 puntos

Lote 2

	Licitador	Puntuación total
1	GAMMA SOLUTIONS HEALTH, S.L.	100,00 puntos
2	CELTA INGENIEROS S.L.	79,11 puntos
3	IRAGO, S.A.	46,54 puntos



Segundo.- Requerir aos licitadores clasificados en primeiro lugar nos lotes 1 e 2, MAPE ASESORES, S.A. (A-36.326.619) (lote 1) e GAMMA SOLUTIONS HEALTH, S.L. (B-88.630.728) (lote 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reparación de danos na estrutura, adaptación contraincendios e accesibilidade no edificio do Parque Central – Lavadores” (639-441)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 18 de marzo de 2021 de LAPATIÁN, S.L. por non presentar o a proposición avaliable mediante fórmula esixida na cláusula 14.2C do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Excluir deste procedemento a ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 20 de abril de 2021.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reparación de danos na estrutura, adaptación contraincendios e accesibilidade no edificio do Parque Central – Lavadores” (639-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L.	71,58
2	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	70,14
3	CONSTRUCCIONES Y DISEÑO LUICON, S.L.U.	59,10



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L. (B-94.075.207), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

## 11.- Propostas de adjudicación

### a) Procedemento aberto para a contratación da edición e adquisición dun libro para escolares de educación primaria sobre a “Reconquista de Vigo” (18.409-101)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses coa licitadora clasificada en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con ela.

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da edición e adquisición dun libro para escolares de educación primaria sobre a “Reconquista de Vigo” (18.409-101)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 5 de marzo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación para a edición e adquisición dun libro para escolares de educación primaria sobre a Reconquista de Vigo expediente nº 18409-101 que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 22 de febreiro de 2021 asinado pola xefa administrativa da Alcaldía e mais pola Xefa do servizo de Educación e o prego de prescricións administrativas particulares de data 3 de marzo de 2021, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.*

*Segundo .- Autorizar un gasto por un importe máximo de 45.986,72 (corenta e cinco mil novecentos oitenta e seis con setenta e dous euros) ive engadido. Sendo o importe correspondente ao 4% de ive 1.768,72 € (mil setecentos sesenta e oito con setenta e*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:03	Páxina 11 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4H-CFD131-44348C-L8YWNF-QLWX8F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

dous) que podería tramitarse con cargo á aplicación orzamentaria 9120 2260100 (órganos de goberno) do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 8 de abril de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 8 de abril de 2021, de VERSÁTIL SERVIZOS EDITORIAIS, S.L.U. polo motivo previsto na cláusula 14.2B relativa ao contido das "proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor" ("A incorporación a este sobre de información relativa aos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas na cláusula 16").*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a única proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación da edición e adquisición dun libro para escolares de educación primaria sobre a "Reconquista de Vigo" (18.409-101) na seguinte orde descendente:*

Orde	Licitadora	Puntuación total
1	MATILDE MARÍA CORRAL BLANCO	98 puntos

*Terceiro.- Requirir á licitadora clasificada en primeiro lugar, MATILDE MARÍA CORRAL BLANCO (\*\*.\*29.54\*), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, D<sup>a</sup>. MATILDE MARÍA CORRAL BLANCO, o día 8 de abril de 2021, que presenta a documentación requirida o 13 de abril de 2021, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación na sesión do 15 de abril de 2021 revisou a documentación presentada e acordou conceder á licitadora un prazo para a emenda da documentación acreditativa da solvencia técnica. Durante o prazo concedido, D<sup>a</sup>. MATILDE MARÍA CORRAL BLANCO presentou documentación o 19 de abril.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 23 de abril de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, D<sup>a</sup>. MATILDE MARÍA CORRAL BLANCO, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por D<sup>a</sup>. MATILDE MARÍA CORRAL BLANCO, de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor de data 7 de abril de 2021 e do acordo da Mesa de Contratación de data 8 de abril polo que se acorda outorgar á única licitadora admitida a máxima puntuación pola súa proposición avaliada a través de fórmula (cláusula 16.2 do PCAP).

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. "Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 8 de abril de 2021, de VERSÁTIL SERVICIOS EDITORIAIS, S.L.U. polo motivo previsto na cláusula 14.2B relativa ao contido das "proposicións avaliadas mediante xuízo de valor" ("A incorporación a este sobre de información relativa aos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas na cláusula 16").
2. Adxudicar a D<sup>a</sup>. MATILDE MARÍA CORRAL BLANCO (\*\*.\*29.54\*) o procedemento



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:03	Páxina 13 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4H-CFD131-44348C-L8YWNF-QLWX8F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

aberto para a contratación da edición e adquisición dun libro para escolares de educación primaria sobre a "Reconquista de Vigo" (18.409-101) coas seguintes condicións:

- O prezo total do contrato é de 38.563,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.483,20 euros.
- Propón un incremento do número mínimo de páxinas esixido do libro en 10 páxinas, sendo o total proposto de 40 páxinas.
- Propón un incremento do número mínimo de exemplares de 1.548 exemplares máis, resultando un total de 18.000 exemplares.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

### **b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do CEIP Pintor Laxeiro" (655-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en terceiro lugar neste procedemento, CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L.. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación comunica que con data do 9 de abril de 2021 se requiriu ao terceiro clasificado que presentase a documentación esixida no artigo 150.2 da LCSP.

Dentro do prazo concedido, o 21 de abril de 2021, o licitador presentou documentación. Logo da súa cualificación a Mesa acorda, por unanimidade:

- Conceder un prazo de tres días a CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L. para que poida acreditar a solvencia económica e técnica esixida no prego de cláusulas administrativas:

"Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios excepto que no apartado 5.C das FEC se determinen outros distintos:

#### **- Solvencia económica e financeira:**

- *Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior:*

- *Ao valor estimado do contrato [...]*

*Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.*

[...]

- *Documento acreditativo de posuír a clasificación alternativa prevista no apartado 5.B.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:03	Páxina 14 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4H-CFD131-44348C-L8YWNF-QLWX8F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**- Solvencia técnica e profesional:**

Acreditarase, alternativamente, por calquera dos seguintes medios, excepto que no apartado 5.E das FEC se determinen outros distintos:

- Certificacións ou documentos que acrediten a boa execución de contratos de obras ou traballos similares aos do obxecto do contrato executados no curso dos cinco últimos anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas). Indicaranse importe, datas e destino público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos xustifican ter realizado traballos similares aos do obxecto do contrato cuxo importe, en conxunto, sexa igual ou superior ao prezo do contrato.
- Documento acreditativo de posuír a clasificación alternativa prevista no apartado 5.B".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:03	Páxina 15 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4H-CFD131-44348C-L8YWNF-QLWX8F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		